



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

ACTA DA SESION ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO

Lugar: Casa do Concello
Día: 17 de xullo de 2014
Hora de comezo: 13.45 h
Hora de remate: 14.15 h

ASISTENTES:

Don Jesús Sanjúas Mera
Don Manuel Mouriño Varela
Don Jesús J. Santasmarinas Devesa
Dona Raquel García Fraga

AUSENTES:

Ninguén

No salón de sesións da casa do concello presidindo o Alcalde, don Jesús Sanjúas Mera, reuníronse os Concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos polo Secretario-Interventor accidental, don Juan M. Corral Sánchez, co fin de realizar a sesión da Xunta de Goberno, previamente convocada cos requisitos legais.

ORDE DO DIA

- 1. Aprobación da acta anterior**
- 2. Arquivo de expediente de limpeza de parcela no lugar de Rodiño (Sergude) e de corta de arboredo no lugar de Ponteledesma.**
- 3. Baixa por extravío e outorgamento nova tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía; renovación tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía**
- 4. Alta no Servizo de Axuda no Fogar**
- 5. Concesión da altas no servizo de abastecemento/saneamento**
- 6. Licenzas urbanísticas**
- 7. Aprobación e aboamento de factura núm.22/2014, en relación co programa "Ler Conta Moito"**
- 8. Devolución e compensación de ingresos incorrectos, en relación coas actividades de verán 2014**
- 9. Aprobación de facturas con cargo a subvencións**
- 10. Devolución de aval**
- 11. Rogos e Preguntas**

DELIBERACIÓNS

1.Aprobación da acta anterior

Por unanimidade acórdase aprobar a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día 3 de xullo de 2014

2. Arquivo de expediente de limpeza de parcela no lugar de Rodiño (Sergude) e de corta de arboredo no lugar de Ponteledesma.

A) Arquivo do expediente de limpeza da leira número 619, polígono 505, do lugar de Rodiño – Sergude.

Tras reiteradas chamadas telefónicas de aviso por parte de veciños de Rodiño Grande – Sergude, en relación coa necesidade de limpar unha parcela, que está con abundante maleza e que supón un risco de incendio e de insalubridade, propiedade dos herdeiros de don Moisés xxxxx, o Concello remitiu ó lugar a un técnico para que procedese a efectuar unha inspección da zona.

Dita parcela, localizada segundo descrições dos veciños do lugar, é a número 619, polígono 505, de Rodiño Grande, Sergude.

Na Xunta de Goberno que tivo lugar o día 22 de maio de 2014 acordouse requirir ós herdeiros de don Moisés xxxxx, para que procedesen en prazo de 15 días naturais a executar os traballos de limpeza da biomasa vexetal existente na citada leira.

Polo técnico do concello, con data 10 de xullo do 2014, realízase informe no cal sinala que *“feita inspección técnica no lugar de Rodiño Grande-Sergude, preto da capela de San Bieito, compróbese que a parcela número 619 polígono 505 foi obxecto de limpeza, co cal xa non existe risco de insalubridade nin de incendio”*.

Polo anteriormente exposto a Xunta de Goberno acorda :

1.Arquivar o expediente aberto neste concello contra os herdeiros de don Moisés xxxxx, propietarios da leira número 619, polígono 505, de Rodiño Grande, Sergude, por proceder os mesmos cos traballos de limpeza da biomasa vexetal na mesma e cumprir coa normativa existente na materia.

2.Informar que a limpeza da leira terá que facerse con carácter periódico, para evitar de novo o perigo de incendio/insalubridade.

3.Comunicar o acordo os interesados.

B) Arquivo do expediente de corta de arboredo no lugar de Ponte Ledesma, leira número 425, polígono 45

O 5 de febreiro de 2014, co número de entrada 14/203, don José xxxxx, con domicilio en Ponte Ledesma, xxxxx, expón que preto da súa vivenda existe unha leira dedicada a monte, con piñeiros e carballos a menor distancia da que esixe a Lei 7/2012, de montes de Galicia,

respecto de vivendas. Di igualmente que un piñeiro corre risco de caer enriba da vivenda, sendo un perigo para as persoas.

Manifesta que a leira é xestionada por dona Nieves xxxxx, herdeira do titular da parcela (xa falecido) don Jesús xxxxx.

Solicita que se proceda coa corta de arboredo de acordo co disposto na a Lei 7/2012, de montes de Galicia e sobre todo dun piñeiro polo risco que supón para as persoas.

Na Xunta de Goberno do 20 de febreiro de 2014 acórdase requirir á propietaria da leira número 425, polígono 45, do lugar de Ponte Ledesma, dona Nieves xxxxx, para que proceda en prazo de 15 días naturais a executar os traballos de corta de arboredo (piñeiro e carballo) ata gardar as distancias que sinala a Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia; que en caso contrario o concello procederá coa execución subsidiaria e dáselle trámite de audiencia.

O 11 de marzo do 2014 co número de entrada 14/440, dona Nieves xxxxx presenta escrito solicitando que se corrixa a titularidade da leira número 425, polígono 45, do lugar de Ponte Ledesma, posto que a titularidade é de herdeiros de don Jesús xxxxx (fillos).

Así mesmo manifesta que a dirección de ditos herdeiros é no lugar de Baiuca xxxxx e que non obstante van a proceder coa corta do arboredo en prazo dun mes aproximadamente.

Na Xunta de Goberno do 20 de marzo de 2014 acordouse aceptar a alegación presentada por dona Nieves xxxxx e proceder coa corrección da titularidade no senso de que os propietarios da leira número 425, polígono 45, do lugar de Ponte Ledesma son os herdeiros de don Jesús xxxxx e requirir os mesmos para que procedan en prazo de 15 días naturais a executar os traballos de corta do arboredo (piñeiro e carballo) ata gardar as distancias que sinala a Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia

Polo técnico do concello, con data 10 de xullo do 2014, realízase informe no cal sinala que *“feita terceira inspección técnica no lugar de Ponte Ledesma - Baiuca, compróbase que preto da casa de don José xxxxx, existe unha leira dedicada a monte a cal está limpa de maleza.*

Procedeuse coa corta dun piñeiro que ameazaba con caer enriba dunha casa e igualmente coa corta dun carballo”.

Polo anteriormente exposto a Xunta de Goberno acorda :

1.Arquivar o expediente aberto neste concello contra os herdeiros de don Jesús xxxxx, propietarios da leira número 425, polígono 45, de Ponte Ledesma, por proceder os mesmos cos traballos de corta de arboredo, ata gardar as distancias sinaladas na Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia e da árbore que ameazaba con caer enriba dunha casa.

2.Informar que a limpeza da leira terá que facerse con carácter periódico, para evitar risco de incendio.

3.Comunicar o acordo os interesados.

3.Baixa por extravío e outorgamento nova tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía; renovación tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía

A) Baixa por extravío e outorgamento nova tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía

No informe proposta da traballadora social propónse a baixa da tarxeta de estacionamento por mobilidade reducida, co número 15/067 e data de caducidade en novembro de 2020, como consecuencia da declaración presentada (por o fillo) por perda, extravío da mesma, a nome de don Manuel xxxxx.

Con data 09/07/2014 e número de rexistro de entrada 14/1299, o mencionado beneficiario presenta unha nova solicitude de tarxeta de estacionamento,

Por isto, propónse outorgarlle a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade a que ten dereito.

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda:

1. Dar de baixa a tarxeta perdida (extraviada) co número 15/067 e data de caducidade ata novembro de 2020, a nome de Manuel xxxxx.
2. Conceder unha nova tarxeta de minusvalía a nome de don Manuel xxxxx, co DNI xxxxx, veciño xxxxx Vigo, co número de tarxeta 15/088 e con data de validez ata xullo de 2024.
3. Unha vez finalizada a data de validez ou por falecemento do titular, farase entrega da tarxeta no departamento de Servizos Sociais do concello, para súa renovación ou baixa, segundo proceda.
4. Notificar este acordo o interesado.

B) Renovación tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía

Con data 09/07/2014 e número de rexistro de entrada 14/1298, foi presentada a solicitude de renovación tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía co número 15/035 e con data de validez ata agosto de 2014, a nome de don Manuel xxxxx, veciño da parroquia de Sergude.

Por isto, propónse a renovación e outorgarlle a tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalidez á que ten dereito.

Polo tanto a Xunta de Goberno acorda:

- 1.- Renovar a tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía, solicitada a nome de don Manuel xxxxx, co DNI xxxxx, veciño do lugar de xxxxx, parroquia de Sergude, co número de tarxeta 15/035 e con data de validez ata xullo de 2024.
- 2.- Unha vez finalizada a data de validez ou por falecemento do titular, farase entrega da tarxeta no departamento de Servizos Sociais do concello, para súa renovación ou baixa, segundo proceda.
- 3.- Notificar este acordo ó interesado.

4. Alta no Servizo de Axuda no Fogar. Información

Logo de ver o informe da traballadora social, infórmase á Xunta de Goberno **da alta no servizo de axuda no fogar por libre concorrência**, a nome de:

1.-Don José xxxxx, con DNI xxxxx , veciño do lugar de xxxxx parroquia de Oural, **cunha intensidade horaria mensual de 20,88 horas**.

2.-Que recibirá as prestacións indicadas no informe da traballadora social e nas condicións que neste se estipula.

3.- Que, de proceder taxa, será revisada anualmente segundo a variación económica beneficiario e custo salarial do servizo.

4.- Notificar este acordo ó interesado.

5. Concesión da altas no servizo de abastecemento/saneamento

A) Altas en abastecemento

Cumpridas as condicións necesarias para poder autorizar a acometida á rede municipal de abastecemento, segundo o regulamento do servizo municipal de abastecemento, inclúense como beneficiarios do servizo ás persoas que se relacionan a continuación.

NOME E APELIDOS	DNI/CIF	ENDEREZO INMOBLE	TAXA
Laura xxxxx	xxxxx	Forte xxxxx	54,81 €
SOMÁN PVC SL	xxxxx	xxxxx , Vilar x - Lestedo	54,81 €

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda :

1º- Dar de alta no servizo de abastecemento ás persoas que se detallan na relación anterior, establecendo a taxa correspondente que se rexerá pola Ordenanza fiscal reguladora da taxa de abastecemento.

As altas concedidas son para vivendas.

Dona Laura xxxxx aboou a taxa no número de conta xxxxx-(ABANCA). Achega xustificante da transferencia realizada.

A alta concedida a SOMÁN PVC SL é para vivenda e a taxa de abastecemento foi aboada pola promotora da construción “Vitra Breogán SCG” o 28/12/2007.

2º- Notificar este acordo ós beneficiarios citados anteriormente .

B) Altas en saneamento

Cumpridas as condicións necesarias para poder autorizar a acometida á rede municipal de sumidoiros, segundo o regulamento do servizo municipal de saneamento, inclúense como beneficiarios de dito servizo ás persoas que se relacionan a continuación:

NOME E APELIDOS	DNI/CIF	ENDEREZO INMOBLE	TAXA
Laura xxxxx	xxxxx	Forte xxxxx	54,81 €
SOMÁN PVC SL	xxxxx	xxxxx , Vilar x - Lestedo	54,81 €

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda :

1º- Dar de alta no servizo de saneamento ás persoas que se detallan na relación anterior, establecendo a taxa correspondente que se rexerá pola Ordenanza fiscal reguladora da taxa de saneamento.

As altas concedidas son para vivenda.

Dona Laura xxxxx aboou a taxa no número de conta xxxxx-(ABANCA). Achega xustificante da transferencia realizada.

A alta concedida a SOMÁN PVC SL é para vivenda e a taxa de saneamento foi aboada pola promotora da construción “Vitra Breogán SCG” o 28/12/2007.

2º- Notificar este acordo ós beneficiarios citados anteriormente .

6.Licenzas urbanísticas

a) Modificación da licenza municipal de obras nº 10/1084, de data do 03/11/2010, para a construción dunha vivenda unifamiliar pareada, no lugar do Forte, na parroquia de Boqueixón, e concesión da licenza de 1ª ocupación

Antecedentes:

Con data do 03/11/2010, o Concello de Boqueixón, en sesión ordinaria da xunta de goberno local, órgano municipal competente para a concesión de licenzas urbanísticas, outorgou a licenza municipal de obras nº 10/1084, a Hnos. Couto Fandiño, SL, con CIF nº. xxxxx, para a construción dunha vivenda unifamiliar pareada, no lugar do Forte, na parroquia de Boqueixón, emprazada urbanisticamente en solo urbano, ordenanza 4, vivenda unifamiliar illada ou pareada.

Con data do 18/06/2014 (registro de entrada nº 14/1153, de data do 19/06/2014), por Hnos. Couto Fandiño, SL, preséntase unha solicitude da licenza de 1ª ocupación, e adxunta a seguinte documentación: certificado final da dirección de obra, fotografías das fachadas, e planos e memoria do estado final.

Con data do 20/06/2014, por Hnos. Couto Fandiño, SL, realízase o ingreso da taxa municipal, por importe de 92,43 €, e que se corresponde coa solicitude da licenza de 1ª ocupación.

Con data do 02/07/2014, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos servizos técnicos urbanísticos municipais, emítase un informe técnico, relativo á documentación achegada polo promotor da licenza, e que literalmente di: *As modificacións reflectidas na documentación achegada supoñen unha modificación da licenza outorgada, polo que deberase presentar un modificado do proxecto, previamente á tramitación da licenza de 1ª ocupación.*

Con data do 02/07/2014, por María Carmen Novoa Sío, por medio dun correo electrónico, pon en coñecemento do técnico que asina o certificado final de obra, o contido do informe técnico emitido, para que se proceda a presentar a documentación requirida.

Con data do 10/07/2014 (registro de entrada nº 14/1312), por Hnos. Couto Fandiño, S.L., preséntase un proxecto técnico modificado, do proxecto básico e de execución, asinado polo arquitecto D. José Antonio Hernando Ezquerro, Colexiado nº 1779, para a

modificación da licenza de obra, previa a concesión da licenza de 1ª ocupación, da que se solicita que continúe a súa tramitación.

Con data do 14/07/2014, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos Servizos Técnicos Urbanísticos Municipais, emítase un **informe técnico favorable** ao proxecto modificado, o cal establece que no que se corresponde á normativa urbanística municipal, considérase favorable a solicitude para a realización dos traballos expostos na documentación presentada.

Con data do 15/07/2014, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos servizos técnicos urbanísticos municipais, emítase informe técnico, con referencia á solicitude da licenza de 1ª ocupación, e que literalmente di:

“INFORME TÉCNICO SOBRE A COMPROBACIÓN DA ADECUACIÓN DA OBRA EXECUTADA Ó PROXECTO EN BASE Ó CAL OUTORGOUSE LICENZA MUNICIPAL DE OBRAS, ÓS EFECTOS DE OBTER A LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN

O obxecto do presente informe ten por finalidade comprobar se a obra executada se axusta ó proxecto en base ó cal lle foi concedida a licenza de obras, ós efectos de obter a licenza de primeira ocupación.

Realizada visita de comprobación á obra executada con data do 15 de xullo de 2014, pola técnica que asina, en presenza do representante da empresa solicitante; comprobada a documentación aportada coa solicitude de licenza de primeira ocupación, e comprobada a documentación que versa no expediente de solicitude e outorgamento de licenza de obra, cabe realizar as seguintes observacións:

1. DOCUMENTACIÓN APORTADA COA SOLICITUDE DE LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN

Con data do 19 de xuño de 2014 e rexistro de entrada nº14/1153, achégase a seguinte documentación:

- *Certificado Final de Obra firmado polo director da obra, o arquitecto D. José Antonio Hernando Ezquerro (COAG nº 1779) e polo director de execución, o arquitecto técnico D. Gonzalo Navaza Mosteiro (COATIEAC nº 891), e visado polo COAG con data do 17 de xuño de 2014.*
- *Certificado de eficiencia enerxética da vivenda, e xustificante da súa presentación no rexistro electrónico da Xunta de Galicia.*

2. OBSERVACIÓNS DERIVADAS DA VISITA DE INSPECCIÓN CON RESPECTO Ó PROXECTO E Á DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA PRESENTADA

A vista da totalidade da documentación presentada, e realizada a correspondente visita de comprobación pola técnica que asina o presente informe, faise constar que non se atoparon diferenzas substanciais con respecto á citada documentación.

3. CONCLUSIÓN

*En consecuencia, realizada visita de comprobación á obra executada, e vista a totalidade da documentación presentada, considérase **que as obras executadas axústanse á licenza de obra concedida.***

*Infórmase ós efectos oportunos
Boqueixón, 15 de xullo de 2014”*

Consta no expediente toda a documentación presentada polo promotor, os informes técnicos favorables, de data do 14/07/2014 (modificación da licenza de obras), e de data do 15/07/2014 (licenza de 1ª ocupación), e o xustificante do ingreso da Taxa municipal (con

data do 20/06/2014), por importe de 92,43 €, polo que de conformidade co disposto nos artigos 194 e 195, da Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro:

Modificar, a licenza municipal de obras nº 10/1084, de data do 03/11/2010, a nome de Hnos. Couto Fandiño, SL, con CIF nº. xxxxx, para a construción dunha vivenda unifamiliar pareada, sita no lugar do Forte, na parroquia de Boqueixón, en canto á competencia municipal, salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo a terceiros e coas seguintes condicións:

a).- Condicións da licenza modificada:

01. Núm. do expediente: 10/914
02. Promotor da licenza: HNOS. COUTO FANDIÑO, S.L.
03. C.I.F. do promotor: xxxxx
04. Clasificación urbanística: SOLO URBANO. ORDENANZA 4: CIDADE XARDÍN, VIVENDA UNIFAMILIAR ILLADA OU PAREADA
05. Tipo de Obra: CONSTRUCCIÓN DUNHA VIVENDA UNIFAMILIAR PAREADA
06. Situación e emprazamento: FORTE - BOQUEIXÓN
07. Referencia catastral da parcela: 7820909NH4472S0000UF
08. Número de plantas: 3 (semisoto + planta baixa + planta alta)
09. Superficies construídas:
 - Planta de semisoto: 105,12 m²
 - Planta baixa: 115,85 m²
 - Planta alta: 86,62 m²
10. Superficie construída total: 307,59 m²
11. Edificabilidade: 0,36 m²/m²
12. Ocupación: 26,63 %
13. Orzamento das Obras: 109.620,23 €
14. Técnico autor do proxecto modificado: JOSÉ ANTONIO HERNANDO EZQUERRA Arquitecto, colexiado nº 1779

Segundo:

Outorgar, a Hnos. Couto Fandiño SL, con CIF nº. xxxxx, a “Licenza municipal de primeira ocupación”, que se corresponde coa edificación dunha vivenda unifamiliar pareada, composta de planta de semisoto, planta baixa e planta alta, que se empraza urbanísticamente en Solo Urbano, Ordenanza 4, no lugar do Forte, na parroquia de Boqueixón, en base á licenza municipal de obras número 10/1084, de data do 03/11/2010, modificada en base ao acordo primeiro, descrito con anterioridade, en canto a competencia municipal, e sen prexuízo da que corresponda a outros organismos.

Terceiro

Notificar este acordo ao interesado

B) Ampliación de prazo, para a finalización das obras de execución de reforma e cambio de uso da planta baixa, dunha vivenda existente, para local de hostalería. Exp.: 12/2684

Antecedentes:

Con data do 26/06/2014 (registro de entrada 14/1202), por Elber xxxxx, con DNI nº. xxxxx, preséntase unha solicitude de ampliación do prazo final de execución de obras de edificación, para a reforma e cambio de uso da planta baixa, dunha vivenda existente, para local de hostalería, situada no lugar da Ponte, na parroquia de Ledesma, coa preceptiva licenza municipal de obras número 13/616, concedida con data do 20 de xuño de 2013, recibindo o promotor a notificación da mesma, con data do 1 de xullo de 2013.

Vista esta solicitude, e en aplicación ó Artigo 197 (Capítulo II, Título VI) da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, no que se establece a caducidade das licenzas municipais de obras, sinalándose no apartado 2, que os municipios poderán conceder prórroga, dos referidos prazos da licenza, por unha soa vez e por un novo prazo, non superior ao inicialmente acordado, e logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados, polo que despois de examinar o expediente, compróbase que a dita licenza foi concedida en Sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local, con data do 20 de xuño de 2013, recibindo o promotor notificación da mesma, con data do 1 de xullo de 2013. Visto que se cumpren as condicións necesarias para outorgar un novo prazo de execución, a Xunta de Goberno acorda:

Conceder, un novo e último prazo para a finalización das obras, ata o **1 de xullo de 2015**, con relación á licenza municipal de obras número 13/616, a nome de Elber xxxxx, con DNI nº. xxxxx, para a “*reforma e cambio de uso da planta baixa, dunha vivenda existente, para local de hostalería*”, situada no lugar da Ponte, na parroquia de Ledesma, en aplicación ao disposto no art. 197 (Cap. II, Título VI) da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

C) Concesión da licenza municipal de actividade, para unha explotación agropecuaria existente en Lestedo, en base á resolución de recoñecemento de edificacións destinadas a actividades agropecuarias. Expte.: 13/2490

Antecedentes:

Con data do 31/12/2013 e registro de entrada núm. 13/2490, por Pedro José xxxxx, con DNI núm. xxxxx, como administrador de Xardín Compostela, SL con CIF xxxxx, preséntase unha solicitude para que se lle recoñeza a licenza de actividade para os usos de produción, tratamento, almacenamento, distribución e venda de planta nuns invernadoiros, situados en Vilar – Lestedo, en base ó recoñecemento da existencia de explotacións agropecuarias e gandeiras, segundo o establecido na disposición transitoria décimo primeira da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

Revisado o expediente de referencia, compróbase que con data do 12/03/2004 e registro de entrada núm. 04/806, o titular solicita o recoñecemento de dita explotación agraria, ós efectos establecidos pola disposición décimo primeira da Lei 9/2002. Con data do 17 de xullo de 2007, a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, emite a correspondente Resolución, pola que se recoñece a existencia da explotación destinada a invernadoiros, cunha superficie edificada total de 2.800 metros cadrados en planta baixa, da que é titular Xardín Compostela, SL.

Tendo en conta a antedita Resolución, a Xunta de Goberno acorda:

Conceder, a Xardín Compostela SL, a licenza municipal de actividade, para a explotación agropecuaria existente, consistente na instalación de invernadoiros, cunha superficie

edificada de 2.800 m² (para os usos de produción, tratamento, almacén e venda de planta), en base á Resolución da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, de data 17/07/2007, pola que se reconece a existencia da dita explotación a nome do seu titular, ao abeiro da disposición transitoria décimo primeira, da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e posteriores modificacións.

a).- Condicións particulares desta licenza:

01. Núm. de expediente da licenza de actividade: 13/2490
02. Promotor da licenza: XARDÍN COMPOSTELA, S.L.
03. C.I.F. do promotor: xxxxx
04. Clasificación urbanística: SOLO NON URBANIZABLE NORMAL OU COMÚN
05. Tipo de Actividade: INVERNADOIRO DE 2800 M² (destinado á produción, tratamento, almacén e venda de planta).
06. Situación e emprazamento: VILAR - LESTEDO

D) Concesión de licenza para a apertura dun establecemento para venda de comida preparada, en Vilar, nº 4 (edif. Prom. Ulla) - Lestedo

Antecedentes:

Na Xunta de Goberno Local con data do 03/01/2013 concédese a María Teresa xxxxx, con NIF xxxxx, a licenza municipal de obras e actividade para as obras de acondicionamento dun local comercial destinado á preparación de comidas para levar, emprazado no lugar de Vilar, xxxxx (Edificio Promocións Ulla), na parroquia de Lestedo.

Con data do 06/02/2013 (registro de entrada núm. 13/255), o promotor presenta nestas dependencias municipais documentación complementaria, xustificando as condicións especiais impostas na licenza de obra concedida.

Con data do 20/02/2013, os servizos técnicos urbanísticos municipais emiten o informe favorable en base á antedita documentación xustificativa das condicións especiais da licenza de obra concedida, comunicándollo posteriormente á interesada.

Con data do 23/12/2013 (registro de entrada núm. 13/2439), dona María Teresa xxxxx solicita a Licenza de apertura de dito establecemento, achegando a seguinte documentación:

- Certificado final de obra, asinado polo seu director, o arquitecto don Jesús xxxxx, Colexiado núm. 3204 do COAG.
- Resolución sobre recoñecemento de alta no réxime de traballadores autónomos.
- Comunicación de inicio de actividade para a inscrición no Rexistro Galego Sanitario de empresas e establecementos alimentarios.

Con data do 10/02/2014 a técnica municipal realizou a primeira visita de inspección previa ó local no que se executaron as obras, emitindo o correspondente informe técnico, de data 23/04/2014, no que se fai constar que se atoparon diferenzas con respecto ó proxecto presentado. Comunícaselle posteriormente ó promotor co fin de que xustifique as condicións establecidas no dito informe.

Con data do 30/06/2014, dona María Carmen Novoa Sío, arquitecta encargada da asistencia técnica e urbanística do Concello, en base á nova visita de comprobación á obra executada, emite o **informe técnico favorable**, no que se fan constar as seguintes observacións:

“Á vista da documentación presentada (proxecto e certificado final de obra), e realizadas varias visitas de comprobación pola técnica que asina o presente informe, faise constar que non se atoparon diferenzas substanciais con respecto á citada documentación.

En conclusión, realizada visita de comprobación á obra executada, considérase que as obras executadas axústanse á licenza de obra e actividade concedida.”

Tendo en conta os antecedentes expostos e cumpridos os trámites esixidos, a Xunta de Goberno acorda:

1.- Conceder a M^a Teresa xxxxx, con NIF xxxxx, a licenza municipal de apertura da actividade dun establecemento para venda de comida preparada, emprazado no lugar de Vilar, xxxxx (edificio Promocións Ulla), parroquia de Lestedo, deste termo municipal, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2.- Notificar este acordo á interesada.

7.Aprobación e aboamento de factura núm. 22/2014, en relación co programa ”Ler Conta Moito”

Con data 4 de xullo de 2014 e con rexistro de entrada número 14/1270, recíbese unha factura para a súa aprobación e aboamento.

Dita factura é a número 22/2014, de data 04/07/2014, da asociación cultural CUCARANDAINAS, polo concepto: “contos de peto”, dentro do programa Ler Conta Moito.

Que na Xunta de Goberno que tivo lugar o 6 de febreiro de 2014 acordouse solicitar a participación no programa de actividades de animación á lectura “Ler conta moito 2014”, así mesmo, acordouse dispoñer dos fondos necesarios para facer fronte á porcentaxe da tarifa que lle corresponde ao concello.

Figura en dita Xunta de Goberno solicitar a actuación de CUCARANDAINAS, co espectáculo “Contos do Peto”, cunha achega por parte do concello de 68,75 € (25%).

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda:

1.- Aprobar e aboar a seguinte factura:

Nº de Rexistro	Data factura	Empresa	Importe
14/1270	04/07/2014	Cucarandainas	68,75€

2.- Comunicar este acordo ao departamento de Tesourería-Intervención para que proceda ao seu aboamento

8.Devolución e compensación de ingresos incorrectos, en relación coas actividades de verán 2014

Na Xunta de Goberno que tivo lugar o 19 de xuño de 2014, aprobáronse as bases e prezos das actividades incluídas na Xanela de verán 2014.

Tendo en conta que os seguintes participantes das actividades de verán ingresaron un importe incorrecto:

Nome e apelidos	Empadroado	Actividade	Importe ingresado	Importe correcto
Adrián xxxxx	Si	Verán activo	20 €	15€ (Desc. 2º fillo)
Nerea xxxxx	Si	Verán activo, Patinaxe Natación	59 €	53€
Eduardo xxxxx	Non	Campus deportivo	65 €	48,75€ (Des. 2º fillo)
Andrea xxxxx	Non	Campus deportivo	65 €	48,75€ (Desc2º fillo)
Daniel xxxxx	Non	Campus	65 €	48.75 (Desc. 2º fillo)

A Xunta de Goberno, acorda:

1. Devolver os importes que se especifican a continuación:

Nome e apelidos	Diferenza a devolver	Nº de conta
Adrián xxxxx	5 €	xxxxx
Nerea xxxxx	6 €	xxxxx
Eduardo xxxxx	16,25 €	xxxxx

2. Descontar a don Daniel xxxxx o importe de 16,25 €, do importe a ingresar pola actividade de “Verán Activo”, primeira quincena de xullo.

3. Descontar a dona Andrea xxxxx o importe de 16.25 €, do importe a ingresar pola actividade de Campamento de Verán.

4. Dar traslado deste acordo á Tesourería-Intervención do concello para proceder coa devolución de importes ingresados a don Adrián xxxxx, don Eduardo xxxxx e dona Nerea xxxxx .

9.Aprobación de facturas con cargo a subvencións

A) Deputación da Coruña

Rede Cultural 2014

Ano 2014

Importe da subvención: 1.375,50 euros

O día 2 de xullo de 2014, recíbese a resolución da Deputación onde se conceden as subvencións correspondentes á Rede Cultural 2014.

O mesmo día, ten entrada no rexistro do concello co núm. 14/1243 a factura da actuación musical Estamos no Verán, incluída no circuío cultural da Deputación.

Segundo a resolución, o caché da obra é de 1.965,00 euros, dos que 1.375,50 euros serán aboados pola Deputación e 589,50 euros son a cargo do concello.

Polo tanto a Xunta de Goberno acorda:

-Aprobar a factura núm. 26/14 emitida por Juan Alfonso xxxxx polo concepto de actuación musical Estamos no verán a través dos circuítos da Deputación da Coruña por importe de 1.965,00 euros.

-Facer o pagamento da factura con cargo á subvención especificada.

B) Deputación da Coruña

Investimentos Culturais

Ano 2014

Importe da subvención: 2.999,19 euros

No BOP núm. 111, do día 12 de xuño, sae publicada a resolución onde a Deputación da Coruña concede ó Concello de Boqueixón unha subvención por importe de 2.999,19 euros para o obxecto de Investimentos Culturais 2014.

O día 2 de xullo de 2014, a empresa Muebles Ferreiro SL presenta unha factura (registro 14/1241) polo concepto de 8 biombos para o local de usos múltiples da casa do concello por importe de 3.115,15 euros.

Polo tanto a Xunta de Goberno acorda:

-Aprobar a factura núm. 18 emitida por Muebles Ferreiro, SL polo concepto de 8 biombos de 183x183x16, hidrófugos, bases transportables en madeira tratada e barnizada para o local de usos múltiples na casa do Concello de Boqueixón por importe de 3.115,15 euros.

-Facer o pagamento da factura con cargo á subvención especificada.

C) Deputación da Coruña

Actividades Culturais

Ano 2014

Importe da subvención: 5.194,12 euros

No BOP núm. 116, do día 19 de xuño, sae publicada a resolución onde a Deputación da Coruña concede ó Concello de Boqueixón unha subvención por importe de 5.194,12 euros para o obxecto de Actividades Culturais 2014.

O día 10 de xullo, a empresa Artes Gráficas Jadfel presenta unha factura (registro 14/1315) polo concepto de Xanela de Verán por importe de 594,11 euros.

Polo tanto a Xunta de Goberno acorda:

-Aprobar a factura núm. A/404 emitida por Artes Gráficas Jadfel polo concepto de Xanela de verán por importe de 594,11 euros.

-Facer o pagamento da factura con cargo á subvención especificada.

D) RAMSA

Actividades Culturais

Ano 2014

Importe da subvención: 3.000,00 euros

O día 8 de xullo a alcaldía ditou unha resolución na que se aprobaba o contrato asinado coa Asociación Cultural A Rexionalista para a elaboración e impresión dun libro de carácter etnográfico dos veciños de Boqueixón que ó mesmo tempo publicite a imaxe do pobo e das xentes do concello.

No contrato estipulábase que o custo total da elaboración do libro e a edición de 200 exemplares, por un importe de 3.000 euros (IVE incluído), aboaríase en dous prazos.

O primeiro prazo faríase á sinatura do contrato por un importe de 1.500 euros, o segundo cando se entregase o material.

Este servizo aboarase co pagamento por parte de RAMSA, da subvención ingresada para actividades culturais por importe de 3.000 euros

Polo tanto a Xunta de Goberno acorda:

-Aprobar a factura núm. 004/14 emitida pola A. Cultural A Rexionalista polo concepto de investigación – traballo de campo- para elaboración dun libro de carácter etnográfico dos veciños de Boqueixón que publicite a imaxe do pobo e das xentes do concello por importe de 1.500,00 euros.

-Facer o pagamento desta factura con cargo á subvención ingresada

10.Devolución de aval

O día 15 de xullo de 2014 co número de entrada 14/1337, preséntase no rexistro municipal escrito da empresa OVIGA SL, solicitando devolución de aval en relación coa obra “colocación de hidrantes para toma de auga no Concello de Boqueixón”, posto que a acta de recepción única e definitiva asinouse o 21 de decembro de 2012.

Según informe do técnico, director da obra de referencia, don Julio C. Rojo Martínez, *“Informa que pola empresa adxudicataria executouse a citada obra cumprindo as prestacións e condicións técnicas do contrato, segundo as previsións contidas no proxecto técnico e as especiais impostas por esta Dirección.*

E para que conste a efectos de devolución da fianza asino o presente informe en Boqueixón, a trinta de xaneiro de dous mil catorce”.

Polo anteriormente exposto a Xunta de Goberno acorda:

1. Devolver á empresa OVIGA SL, o aval, presentado co número 342091, para a obra “colocación de hidrantes para toma de auga no Concello de Boqueixón”, por importe total de **1.652,48 €**.
2. Dar conta ó departamento de Tesourería-Intervención os efectos oportunos.

11.Rogos e Preguntas

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto a acta como Secretario.

O secretario-interventor accidental

Visto e prace
O Alcalde